

O Concello de Boqueixón contrata obras de mellora en nove estradas por 125.000 €

O Concello de Boqueixón vén de pechar a contratación de seis proxectos de obra por case 125.000 euros, que permitirán o arranxo e mellora de nove estradas no municipio. A actuación máis importante, orzamentariamente falando, é a mellora do viario de Sucira a Frenza, cun investimento de máis de 47.000 euros. O Concello reparará as fochancas e mellorará a capa de rodaxe con 6 centímetros de mestura bituminosa en quente nos 880 metros da estrada, de 4,5 metros de ancho. A maiores, acometeranse 100 m² de sobreanchos, para mellorar a seguridade viaria.

Así mesmo, mellorarase o firme do viario interior no lugar de Santa Baia. A obra inclúe a demolición do pavimento existente no interior do núcleo e a súa substitución por outro de formigón de 15 centímetros de espesor sobre unha capa de zahorra de 5 centímetros. Neste tramo, duns 820 m², tamén se executará unha rede de drenaxe da auga da chuvia e se adaptarán os pozos de rexistro á cota da nova rasante.

Mellora de firmes

Outro dos proxectos incluído no Plan Complementario do POS+2021 é a mellora do firme do viario desde o Cruce de Castro a Camporrapado e do viario de Fonte de Rebordaos á



pista de Bendaña. No caso do camiño do Cruce de Castro a Camporrapado, actuarase en tres tramos mellorando a capa de rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado a toda a plataforma. O mesmo tratamento que se alicará no viario de Fonte de Rebordaos á pista de Bendaña, que será ancheada e onde será colocado un sinal de Stop.

Outros 31.000 euros irán destinados a mellorar o firme dun viario en Ardillero e outro de Xiadá cun tratamento asfáltico semiprofundo, previa reparación de fochancas e arranxo con tratamento asfáltico semiprofundo. Finalmente, contéplanse a limpeza das gabias de ambas marxes para recuperar a sección hidráulica, formando beira-

vías para o paso dos peóns e perfilando os noiros para garantir unha correcta drenaxe lonxitudinal e transversal..

Por último, algo máis de 30.000 euros irán a un proxecto con dúas actuacións: mellora do firme do viario de Noelle a Mareque por Vilar e a pavimentación de interiores en Vilaboa. O primeiro é o tramo máis longo dos mellorados nesta quenda: 1,6 quilómetros dun viario de 3,75 metros de ancho e que se vai anchear ao longo de 180 m² e se vai mellorar a capa de rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado en toda a plataforma. No caso de Vilaboa, a actuación divídese en dous treitos, de 90 e 425 metros de longo, nos que se mellorará a capa de

rodaxe con tratamento asfáltico superficial e rego de selado.

Segunda fase

Todas estas actuacións están incluídas na primeira fase do POS+2021 Adicional. A única excepción foron os máis de 41.000 euros que se investirán na mellora do firme do viario de Monte a Igrexa de Ledesma, onde se anchearán un par de tramos e se colocará un sinal de Stop, e do viario da AC-960 no Forte a Vilaboa.

En ambos os dous casos repararanse as fochancas, perfilaranse as mordentes e aplicarase un tratamento asfáltico superficial e rego de selado a toda a plataforma. Estas dúas obras están incluídas na segunda fase do POS+2021 Adicional.

As Rías Baixas e Ibiza serán os destinos dos Campamentos de Verán de 2022

A Concellaría de Xuventude do Concello de Boqueixón ten preparada unha nova edición dos Campamentos de Verán 2022. Unha iniciativa dirixida á mocidade nada entre os anos 2004 e 2010, que se repartirán en tres grupos de idade.

Os infantís (nados nos anos 2010, 2011, 2012 e 2013) e os xuvenís (nados nos anos 2006, 2007, 2008 e 2009) desfrutarán dun campamento nas Rías Baixas entre os días 23 e 30 de xuño. O prezo en ambos os dous casos será de 195 euros.

Pola súa banda, a rapazada nada nos anos 2004, 2005 e 2006 desprazarase ata Ibiza do 5 ao 12 de xullo. A cota de inscrición neste campamento será de 275 euros.

O Concello de Boqueixón abrirá o prazo de preinscricións do 10 ao 20 de maio,

a través da páxina web municipal (www.boqueixon.gal). Posteriormente, procederase á matrícula, presencialmente no Rexistro de Entrada do Concello ou a través da Sede Electrónica. Máis información no Departamento de Xuventude: 981 513 115.

CAMPAMENTOS DE VERÁN 2022

CATEGORÍA	IDADES	LUGAR	DATAS	PREZO
Infantil	Nados/as en 2010, 2011, 2012 e 2013	Rías Baixas	Do 23 ao 30 de xuño	195 €
Xuvenil	Nados/as en 2006, 2007, 2008 e 2009	Rías Baixas	Do 23 ao 30 de xuño	195 €
Xuvenil	Nados/as en 2004, 2005 e 2006	Ibiza	Do 5 ao 12 de xullo	275 €

A Viaxe da Mocidade terá este ano como destino Ibiza do 2 ao 9 de agosto

O Concello de Boqueixón organiza a Viaxe da Mocidade 2022, que este ano terá como destino a illa de Ibiza, do 2 ao 9 de agosto. Unha iniciativa con prazas limitadas na que terán preferencia as persoas empadroadas en Boqueixón e de idades entre os 18 e os 35 anos (en caso de haber máis solicitudes ca prazas, realizarase un sorteo).

O prezo xeral da Viaxe da Mocidade é de 325 euros,

que se reduce a 295 euros para estudantes e persoas desempregadas. Unha cota que inclúe voo (facturación e seguro de viaxe), aloxamento en albergue con almuerzo, cea de confraternidade e dúas excursións: unha pola cidade de Ibiza e outra ruta por toda a illa.

Preinscricións, a partir do 10 de maio e ata completar o número de prazas dispoñible, na páxina web municipal (www.boqueixon.gal).



Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Abertas as inscricións na VIII Carreira Camiño das Letras

O Concello de Boqueixón colabora un ano máis na organización da VIII Carreira Camiño das Letras, que terá lugar o vindeiro 17 de maio. Unha proba con dous circuitos: unha carreira de 15 km con saída ás 10:00 horas desde o Pico Sacro e que dicorrerá pola Vía da Prata ata a Cidade da Cultura e outra de 5 km con saída ás 10:05 horas da Cidade da Cultura e percorrido polo Gaiás e o Bosque de Galicia.

As inscricións poden formalizarse en www.carreirasgalegas.com antes das 23:59 horas do mércores 13 de maio. A cota de anotación é de 1 euros, que irá destinado á Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace). Os dorsais poderán recollerse na sede de Bonaval Car (rúa do Cruceiro 99) o luns 16 de maio, en horario de 9:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 20:00 horas.

17 MAIO
VIII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS
15 km
5 km

1€
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

A saída de dous circuitos faráse no campamento de BIVALVAC CAR, na Rúa Cruceiro da Coruña nº 99 de Santiago de Compostela.
Habrá servizo de autobuses desde a Cidade da Cultura do Pico Sacro.
As persoas participantes recibirán un libro de memoria xunto á entrega do dorsal.

Habrá dous circuitos:
CARREIRA DE 15 KM saída ás 10:00 h desde o Pico Sacro pola Lameira do Sueste-Vía da Prata, ata a Cidade da Cultura.
CARREIRA DE 5 KM saída ás 10:05 h da Cidade da Cultura con percorrido polo Gaiás e o Bosque de Galicia.
A proba cumprirá o protocolo Covid 19 da FGA (Federación Galega de Atletismo) e da Xunta de Galicia.

Información e inscricións: www.carreirasgalegas.com

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21-22 Xurdir

Jeep Ermas Palmor Agropal FEGADACE RAMSA

O Concello colabora nunha escola de balde de carreiras por montaña para rapaces e rapazas

O CDM Vértice organiza unha das escolas de carreiras por montaña que está poñendo en marcha a Federación Galega de Montañismo (FGM), grazas a un convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e no marco do programa Corresponsables do Ministerio de Igualdade. Unha iniciativa que conta co apoio dos concellos de Boqueixón e Vedra.

A escola arrancará en maio e, ata novembro, será de balde, grazas ao devandito convenio. O CDM Vértice agarda darlle continuidade ao proxecto para facer desta escola unha proposta estable e permanente. A inscrición está aberta en <https://clubvertice.es/escola>

A escola está dirixida a nenos/as de 6 a 16 anos co obxectivo de achegalos a un deporte distinto no que concorren técnica e velocidade e no que priman valores como o compañeirismo e o respecto pola natureza. Os participantes dividiranse en dous grupos: nad@s entre 2015 e 2010 (martes e/ou xoves de 17:00 a 18:30 h.) e nad@s entre 2009 e 2006 (martes e/ou xoves de 18:30 a 20:00 h.).

A sede da escola será o Pavillón Polideportivo de Lestedo e estará dirixida por Verónica Calvo Dopazo, actual seleccionadora galega de carreiras por montaña e directora do programa de tecnificación desta disciplina na FGM.

Alumnado de Secundaria do CPI Antonio Orza Couto aprende defensa persoal

O Concello de Boqueixón colaborou coa Deputación de A Coruña, a ANPA e o departamento de Educación Física do CPI Antonio Orza na organización dunhas xornadas de defensa persoal para os alumnos e alumnas de Secundaria. Unha iniciativa na que se puxo de relevancia a importancia da prevención e da denuncia de calquera tipo de violencia, xa sexa verbal, acoso, intimidación, de xénero.



Chegados a un punto de progresións na escala de violencia, ensináronse técnicas de contención e de defensa ante un agre-

sor e en diferentes escenarios. Os encargados de impartir as sesións foron instrutores da Escola Judo Club Boqueixón.



Abertas ata o 20 de maio as inscricións nos Campamentos da Deputación

A Deputación da Coruña abre ata o 20 de maio o prazo de inscrición nos seus Campamentos de Verán 2022. Boqueixón conta con 4 prazas para a segunda quenda, que terá lugar do 3 ao 8 de xullo no IES Rosalía Mera, onde a rapazada desfrutará dunha ampla variedade de actividades deportivas, culturais e de lecer, canda estancia e manutención.

No suposto de que se presenten máis de 4 solicitudes, o Concello fará un sorteo público diante do secretario municipal para adxudicar as prazas. Poden participar nenos/as de Boqueixón, nados entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2013, que aboarán 85 euros como cota de participación.

Para calquera dúbida ou aclaración, basta con poñerse en contacto co Departamento de Deportes de Boqueixón no teléfono 636 731 721 ou no mail deportes@boqueixon.com. Toda a información que se vaia engadindo incorporárase á web municipal.

Nova edición do programa de conciliación Verán Activo

O Concello de Boqueixón organiza unha nova edición do Verán Activo, un programa lúdico-educativo que permitirá ás familias do municipio conciliar a súa vida persoal e laboral, ao tempo que oferta unha alternativa de lecer para crianzas de entre 3 e 12 anos nas vacacións de verán.

As actividades terán lugar de luns a venres, en horario de mañá, nas instalacións municipais do Forte e do CIP Antonio Orza Couto. As bases publicaranse o 10 de maio, data na que comezará o prazo de inscrición neste programa, cuxas anotacións se pecharán o 27 de maio.

O Concello porá a disposición das familias distintas bonificacións nos prezos do



programa. No caso de querer acceder a elas, deberase prepresentar a declaración da renda correspondente ao ano 2021. Por iso, cómpre ter este trámite completado no tempo da formalización das peticións.

As bases do programa de

conciliación Verán Activo serán publicadas na web municipal, desde onde tamén se poderá descargar o documento de solicitude correspondente, que se deberá presentar ben no rexistro do Concello, ben pola sede electrónica.

O Concello conmemora o Día do Libro repartindo máis de 250 exemplares

A Biblioteca Municipal conmemorou o Día do Libro co contacontos *Filipa cos contos*, espectáculo de animación de Bandullo Azul que reuniu a preto de corenta rapaces e rapazas, grazas ao programa Ler conta Moito da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A rapazada desfrutou duns contos moi divertidos da man de Fran Campos e Filipa, un monicreque que o acompañou na narración de historias musicadas para toda a familia que mesturaban humor e tradición. A participación foi tan

elevada que o espectáculo se trasladou da biblioteca ao colexio.

Esta actuación puxo o broche de ouro a unha semana na que os usuarios e usuarias da biblioteca puideron levar para casa

un libro de balde entre os expositores habilitados na Biblioteca Municipal. En total, entre o 19 e o 22 de abril se repartiron máis de 250 libros, doados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



Abertas varias axudas para comprar, rehabilitar ou alugar vivendas

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín, participou no encontro “Construíndo fogar”, no que a Xunta de Galicia deu a coñecer os distintos programas de axudas en materia de vivenda tanto para concellos como para propietarios. De feito, os particulares teñen acceso nestes momentos a unha vintena de programas en materia de compra, rehabilitación ou aluguer de vivendas.

No caso concreto das axudas a rehabilitación de vivendas, os veciños e veciñas de Boqueixón poden acceder ao **PREE 5000**, dirixido a actuacións de mellora da eficiencia enerxética no inmovible. O propietario pode subvencionar ata o 40% da actuación. Máis información no DOG do 4/11/2021.

Tamén están dispoñibles as axudas ás **ARI** (Áreas de Rehabilitación Integral) dos Camiños de Santiago, entre



as que figura Boqueixón. As axudas para actuacións de rehabilitación de vivendas poden acadar os 25.000 euros. Máis información no DOG do 30/12/2021. En ambos os dous casos, o prazo de presentación remata o 30 de setembro.

Outra axuda dispoñible nestes momentos é o bono de **alugueiro social**, unha axuda máxima de 250 euros ao mes. O Bono concédesse por un período de 12 meses, prorrogables por dous anos máis. O prazo de presenta-

ción está aberto todo o ano en sede.xunta.gal.

Axudas pendentes

Finalmente, a Xunta de Galicia informou de varias convocatorias pendentes e que poden ser de interese para a veciñanza de Boqueixón (avais para mozos, compra para persoas mozas, axudas ao alugueiro, bono alugueiro mozo...).

Unhas axudas das que poderás estar informado a través da páxina web municipal: www.boqueixon.gal.



O local social de Ledesma acollerá unha xornada sobre a factura da luz

O Concello de Boqueixón e o Instituto Galego do Consumo e da Competencia organizan unha charla informativa sobre a factura da luz, que terá lugar o 19 de maio, ás 18:00 horas, no local social de Ledesma. Nela os veciños recibirán consellos para aforrar coa nova tarifa eléctrica. Inscricións no 981 513 115.



A rapazada de Boqueixón aprende lettering de balde

Unha ducia de rapaces e rapazas participaron no obradoiro gratuito de lettering, o arte de debuxar letras e tipografías bonitas, organizado polo Concello de Boqueixón os días 11, 12 e 13 de abril no CPIP Antonio Orza Couto.



Obradoiros en igualdade para conciliar a vida laboral e familiar

Unha trintena de rapaces e rapazas participaron no programa gratuito “IgualArte, obradoiros en igualdade”, uns talleres lúdicos e creativos que tiveron lugar no CPIP Antonio Orza durante as vacacións escolares de Semana Santa.

Música para nenos e nenas de 3 a 6 anos

A Unión Musical Ponteledesma organiza clases gratuítas de Música e Movemento para nenos e nenas de 3 a 6 anos de idade. As clases terán lugar os venres de maio e xuño en horario de 17:00 a 18:00 horas. Inscricións no 679 586 953 (WhatsApp ou chamada).

Creación de flores de porcelana

A Fundación Baiuca Verdescente, en colaboración coa Asociación de Veciños San Salvador de Ledesma e o Concello, organizan un taller de creación de flores de porcelana. Terá lugar no local social de Ponteledesma os domingos 1, 8 e 29 de maio, e o sábado 14 de maio, ás 17:00 horas. Inscricións: 600 840 261.



O Club de Maiores de Boqueixón volve aos escenarios o sábado 7 de maio

Despois dun par de anos de obrigado parón por mor da pandemia sanitaria, o Club de Maiores de Boqueixón ten todo listo para a súa volta aos escenarios. Será o sábado 7 de maio, ás 19:00 horas, na Casa da Cultura de Camporrapado coa estrea da obra "Un morto moi vivo!". Trátase dunha comedia dirixida por

Ramón Molina e que conta coa participación de María Julia, Teresa, Asunción, Isabel, Ramón, Nieves, Blanco, Fina, Carlos, Lola, Virtudes, Divina, Virtudes F, Rosario, Mari Carmen, Estrella, Manolo, Pura, Ofelia e Isabel.

Os nosos maiores porán en escena unha divertida comedia de enredo onde a aparente morte do pro-

tagonista descubrirá unha serie de infidelidades e codicias polos seus cartos ata a sorpresa final... que non imos desvelar. Se desexas coñecerla só tes que reservar a túa entrada no 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com. Unha actuación para todos os públicos que garante unha hora de risas e diversión.



Os maiores do Centro Social de Vedra enchen Camporrapado

Máis de 160 persoas enchen o auditorio da casa da cultura de Camporrapado para asistiren a posta en escena de «Terapia alternativa», unha divertida comedia do grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra.

O Rally da Auga 2022 pasará por Boqueixón o sábado 7 de maio

O Rally da Auga 2022 terá lugar o 6 e o 7 de maio polos concellos de Arzúa, Santiago, Boimorto, Boqueixón, O Pino e Touro. Os pilotos estarán na explanada do centro social e da igrexa de San Pedro de Lourada, de 13:00 a 17:00 horas.

A maiores, Boqueixón acollerá un dos tramos da proba na tarde o sábado 7 de maio, a partir das 16:00 horas. Os corredores afrontarán un percorrido por Gas-

trar, Corneda, Sanguñedo (Touro) e O Forte, onde estará emprazada a meta deste tramo.



Gregorio Ferro, pintor de Boqueixón

No mundo das artes, Boqueixón ten o privilexio de contar cunha figura de primeira magnitude, aínda que non é suficientemente recoñecida. Este fillo tan ilustre do noso concello, Gregorio Ferro Requeixo naceu na parroquia de Santa María de Lamas o día 24 de decembro de 1742, no seo dunha familia da fidalguía local.

Os seus apacibles primeiros anos de vida vense truncados en 1750 coa morte da súa nai e o novo casamento do seu pai. Quizais esta circunstancia fixo que se traslade a Santiago, ingresando, en calidade de servinte ou "rapaz de sacristía", no mosteiro de San Martín Pinario, onde terá os seus primeiros contactos coa pintura.

Axudado economicamente por un sacerdote vinculado á familia, inscribíase na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando en 1759, tendo como profesores ao escultor, tamén galego, Felipe de Castro, e ao pintor napolitano Corrado Guianquinto.

Abandona estas ensinanzas para axudar a Antonio Rafael Mengs na decoración do Palacio Real de Madrid ata 1769. Este autor, principal representante do gusto Neoclásico, terá unha influencia decisiva no noso artista.

En 1775, Gregorio Ferro contrae matrimonio con María Benita de Castro Quintela. A parella non terá descen-



O martirio de San Sebastián

dencia polo pronto enviuvamento do noso protagonista.

A estancia, ao longo de boa parte da súa vida, na Real Academia de Bellas Artes de San Fernando estará acompañada por importantes premios e méritos, chegando incluso a competir e gañar sobre un dos máis grandes pintores de tódotos tempos, Francisco de Goya, no acceso a un dos cargos máis apetecibles do panorama artístico español: o de Director Xeral da Academia en 1804. O que nunca conseguiu alcanzar Ferro, a pesar dos múltiples esforzos realizados, será o título de pintor de Cámara.

En 1812 morre no seu domicilio madrileño, de morte repentina, como se deduce da súa partida de defunción. Extingúase así unha das liñas máis directas do gran teorizador neoclásico Mengs e unha das figuras do que algúns chaman "clasicismo rococó" polo carácter mixto do seu estilo, cunha vacilación entre racionalismo e sensualismo, formalismo e espontaneidade.

Día das Artes Galegas

No ano 2015, o Concello de Boqueixón presentou formalmente á Real Academia Galega de Belas Artes "Nosa Señora do Rosario" a proposta de dedicar o "Día das Artes Galegas" de 2016 á figura de Gregorio Ferro, entendendo que é unha das figuras cumes da pintura galega de todos os tempos e un importante artífice do século XVIII español. A pesar do apoio da veciñanza, non se conseguiu.

A relevancia de Gregorio Ferro e a súa importancia na Historia da Arte española en xeral, e galega en particular, motivou ao Concello de Boqueixón a acometer unha complicada tarefa no ano 2002 para un municipio tan pequeno como o noso: renderlle o noso recoñecemento a través dunha exposición pictórica na igrexa de Santa María de Lamas.

Nela o Concello foi quen de reunir 20 obras conservadas en Galicia, que foron visitadas por máis de 2.000 persoas e que acadaron un gran eco nos diferentes medios de comunicación. A mostra, comisariada pola vedresa Esperanza Lema, contou coa colaboración dos profesores Enrique Fernández Castiñeiras e José Manuel López Vázquez, autores do libro que se realizou sobre a súa obra.



Visitación. Catedral de Santiago de Compostela



Retrato de Felipe de Castro

As carrozas de San Cidre volverán tomar o campo da festa de Oural



Teatro e literatura protagonizan o Festival das Letras

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o domingo 15 de maio o Festival das Letras, que comezará ás 11:00 horas co espectáculo "Espantallo amigo", de Os Quinquilláns Teatro e baseado nun texto de Neira Vilas, fillo adoptivo do municipio. Acto seguido, o alcalde, Manuel Fernández Munín, entregará os premios do Certame de relato curto "Xosé Neira Vilas".

A Comisión de Festas de Oural, en colaboración co Concello de Boqueixón, organiza o XLVII Desfile de Carrozas de San Cidre, que terá lugar o domingo 15 de maio ás 12:00 horas en Oural-Camporrapado. Ás 14:00 horas, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, dará o pregón da festa, que dará paso a unha degustación de petiscos e viño na contorna de cada carroza. A Charanga BB+, Tania Veiras e Pena do Corvo encargaranse da música. A partir das 17:00 h, tarde de xogos infantís previo á verbena coa Orquestra Finisterre (18:00 h).

Festa do Pico

Outra festividade que volve tras a pandemia é a Festa do Pico, que terá lugar o domingo 29 de maio. A falta de pechar a programación, a Capela de San Sebastián acollerá mi-

sas ás 10, 11, 12 e 13:00 horas. Habrá pulpería e actuación dun grupo mu-

sical, aínda por determinar ao peche desta edición da Xanela.



AXENDA DO MES DE MAIO

Sábado
7

Teatro do Club de Maiores de Boqueixón

Casa da Cultura de Camporrapado, 19:00 h.
Estreio da obra "Un morto moi vivo".
Reserva entrada no 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com

Luns
10

Campamentos de Verán e Verán Activo

Apertura do prazo de inscrición.

Domingo
15

Festival das Letras

CC de Camporrapado, 11:00 h.
Os Quinquilláns, co espectáculo "Espantallo amigo" e entrega dos premios do Certame de relato breve Xosé Neira Vilas.

Domingo
15

XLVII Desfile de Carrozas de San Cidre

Oural-Camporrapado.
12:00 h. Desfile de Carrozas.
14:00 h. Pregón e degustación de petiscos e viño. Música: Charanga BB+, Tania Veiras e Pena do Covo.
Ás 17:00 h. tarde de xogos.
Ás 18:00 h. orquestra Finisterre.

Martes
17

VIII Carreira Camiño das Letras

Pico Sacro, 10:00 h.
Dúas probas: 15 km e 5 km. 1 €.
www.carreirsgalegas.com.

Xoves
19

Consumo Responde Factura da luz

Local social de Ledesma, 18:00 h.
Xornada informativa.
Inscricións no 981 513115.

Luns
23

Tramitación DNI

Casa do Concello.
Reservar praza no 981 513115.

Domingo
29

Festa do Pico Sacro

Pico Sacro.
Misas na Capela de San Sebastián de 10 a 13:00 h.
Pulpería e grupo musical.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 | CIM: 981 513 061 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com | cim@boqueixon.com | cultura@boqueixon.com | boqueixonturismo@gmail.com